

BEXÁN

Bexán é unha aldea que está no concello do Saviñao, na parroquia de Diomondi. Antigamente estaba moi habitada, pero como en tantas outras aldeas de todas as comarcas nela só queda un veciño. Ten unha pequena capela na que celebran o trece de xuño o Santo Antonio. Hoxe en día os veciños da parroquia aínda seguen a ter ese día unha misa na honra a ese Santo.



Algunhas casas aínda se conservan máis ou menos en bo estado e distínguese ben as estreitas calellas empedradas. Está rodeada de viñedos e unha paisaxe que paga a pena visitar. Preto desta aldea pasa o Camiño de Inverno e pódese recorrer un treito desa paisaxe.

Vese o río Miño, a ponte de Belesar e varias aldeas do concello de Chantada.

Se facedes unha ruta pola Ribeira Sacra, non debedes deixar de visitar esta aldea!

